

SERVIZO TERRITORIAL DA ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA CENTRO

ANUNCIO

Expediente: DH.A15.81703

A Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia solicita a concesión dun aproveitamento de augas públicas coas seguintes características:

SOLICITANTE:	Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia
VOLUME TOTAL ANUAL:	13.593.658,50 m ³ /ano.
CAUDAL MÁXIMO INSTANTÁNEO:	630 l/s.
DESTINO:	abastecemento municipal de nove concellos
ORIXE:	río Ulla e rego innominado
LUGAR:	O Casal
PARROQUIA:	Carcacía (San Pedro)
CONCELLO:	Padrón (A Coruña)

O aproveitamento consiste na captación mediante dous pozos de bombeo situados na beira da ETAP, o primeiro duns 3 m diámetro e 11 m de altura, conectado co río Ulla mediante tubaxe de 700 mm de diámetro, e o segundo de 3,5x4,5x12,54 m, conectado ó río con tubaxe de 1000 mm, así como a captación dun pequeno rego innominado existente a carón do vial de acceso á ETAP. No primeiro pozo cinco bombas de 55 kW e 405 m³/h de capacidade, e no segundo pozo tres bombas de 143 kW e 1.260 m³/h de capacidade, impulsan o caudal cara á parte alta da ETAP, onde se reúne co caudal conducido dende a captación do regato mediante tubería de PVC de 315 mm de diámetro. A partir de aquí sucédesse o proceso de tratamento da auga potable, que inclúe: mezcla rápida en cámara de 3x3x4,16 m; decantación en depósito circular de 26 m de diámetro e 4,65 m altura; filtración a través de 5 filtros, con dimensións de 9,5x3x3,21 m; lavado de filtros con bombas de 30 kW; e dosificación de cloro gas, policloruro de aluminio, almidón e hidróxido sódico; así como os equipos de control e instrumentación. A continuación o caudal resultante bombéase ata os dous depósitos de cabeceira mediante cinco bombas tipo cámara partida de 250 kW e colector de 600 mm de diámetro. Os depósitos de cabeceira teñen un tipoloxía cilíndrica, duns 34 m de diámetro e 6 m de alto, cada un, e están situados a uns 400 m da ETAP.

Prevese a ampliación da capacidade da planta mediante a construción dunha nova liña de decantación que substitúe á existente, incluíndo unha cámara de chegada e dosificación de CO₂, cámara de mezcla rápida, canle de distribución a cámaras de floculación, dotadas de floculadores de eixo vertical, dispostos en tres liñas con dúas cámaras por cada liña, e decantadores lamelares dispostos en tres liñas. Engádense cinco novas unidades de filtración das mesmas características das existentes, e desenrólase un novo sistema para recuperación da auga de lavado de filtros, así como unha nova liña de tratamento para os fangos xerados por estes procesos, e a mellora do



sistema de automatización e control da planta, todo elo dentro do recinto da actual ETAP. Tamén se contempla a substitución das bombas de impulsión ós depósitos de cabeceira por cinco novas unidades en funcionamento de catro máis unha de reserva, de xeito que as catro teñan a capacidade do caudal de deseño da planta de 630 l/s, así como o tratamento estrutural e mellora da instrumentación e control dos propios depósitos de cabeceira.

Dende os depósitos de cabeceira, mediante unha condución principal de 600 mm e de diámetros menores nas derivacións, abastécese a serie de depósitos dos concellos beneficiarios do aproveitamento: Casal 1 e 2 e Lapido, de 5.000 m³ cada un, en Padrón; Revixos, de 1000 m³, e Imo, de 750 m³, en Dodro; Pontecesures 1 e 2, de 750 m³ cada un, en Pontecesures; Valga 1 e 2, de 2.500 m³ cada un, en Valga; Catoira, de 1.500 m³, en Catoira; Isoma, de 1.000 m³, Leiro, de 3.000 m³, e Taragoña, de 3.000 m³, en Rianxo; Boiro, de 3.500 m³, Cespón, de 1.000 m³, e Trebozcos, de 500 m³, en Boiro; Ladreche, de 2.700 m³, e Moldes, de 5.000 m³, na Pobra do Caramiñal; e Ribeira 1 e 2, de 5.000 m³ cada un, en Ribeira.

O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación nos Boletíns Oficiais das Provincias, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nos Concellos de Padrón, Dodro, Pontecesures, Valga, Catoira, Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira, ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa Tomiño número 16, baixo, en Santiago, onde pode ser examinado por quen o desexe no devandito prazo, previa cita no teléfono 981544927.

O proxecto obxecto da presente autorización estará dispoñible para a súa consulta na páxina web deste organismo de conca <http://augasdegalicia.xunta.gal>, na sección denominada participación pública.

Santiago de Compostela, o xefe do Servizo Territorial – Jesús Antonio Manrique Merino (Sinatura dixital)

19 de xaneiro de 2023.

